

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SAN XOÁN BAUTISTA DE CERDEDO.
CURSO: 4º DE PRIMARIA
MATERIA: GALEGO.
DEPARTAMENTO:
DATA: ABRIL DE 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 7	CENTRO: C.E.I.P. SAN XOÁN BAUTISTA DE CERDEDO CURSO: 4º DE PRIMARIA MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (GALEGO 4º)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LGB1.1	4º-LGB1.1.1 – (modificado) Comprende as ideas principais de narracións orais, e é quen de extraer o sentido global.
LGB1.1	4º-LGB1.1.2 - Elabora un breve resumo dun texto oral.
LGB1.3	4º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
LGB1.3	4º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global.
LGB1.3	4º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias. (Utilizando o dicionario se é preciso).
LGB1.3	4º-LGB1.3.4 - Participa no traballo en grupo, así como nos debates.
LGB1.4	4º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
LGB1.6	4º-LGB1.6.1 - Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
LG-B2.1	4º-LGB2.1.1 - Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.
LG-B2.1	4º-LGB2.1.2 - Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.
LG-B2.1	4º-LGB2.1.6 - Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
LG-B2.3	4º-LGB2.3.1- (modificado) Subliña as ideas principais dun texto de xeito guiado.
LG-B2.3	4º-LGB2.3.2 - Esquematiza as ideas principais dun texto de xeito guiado.
LG-B2.3	4º-LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto sinxelo.
LG-B2.6	4º-LGB2.6.2 - Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.
LG-B2.6	4º-LGB2.6.3 - Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.
LG-B2.7	4º-LGB2.7.1 - Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
LG-B2.10	4º-LGB2.10.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
LG-B3.1	4º-LGB3.1.1 - Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de Lingua e Literatura Galegas de 4º de Primaria.
LG-B3.1	4º-LGB3.1.2 - Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.
LG-B3.1	4º-LGB3.1.3 - Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
LG-B3.1	4º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.
LG-B3.1	4º-LGB3.1.5 - Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.
LG-B3.2	4º-LGB3.2.1 - Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións.
LG-B3.3	4º-LGB3.3.1 - Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
LG-B3.7	4º-LGB3.7.1 - Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado en calquera soporte.
LG-B4.1	4º-LGB4.1.2 - Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.
LG-B4.1	4º-LGB4.1.3 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
LG-B4.1	4º-LGB4.1.4 - Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores.
LG-B4.1	4º-LGB4.1.5 - Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.
LG-B4.2	4º-LGB4.2.1 - Aplica xeralmente as normas de acentuación.
LG-B4.2	4º-LGB4.2.2 - Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
LG-B4.2	4º-LGB4.3.1 - Emprega con corrección os signos de puntuación.
LG-B4.3	4º-LGB4.3.2 - Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
LG-B4.4	4º-LGB4.4.1 - Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición...
LG-B4.7	4º-LGB4.7.1 - Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
LG-B4.7	4º-LGB4.7.2 - Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual .
LG-B4.9	4º-LGB4.9.1 - Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas

	que está a aprender.
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de Lingua e Literatura Galegas de 4º de Primaria.
LG-B5.2	4º-LGB5.2.1 – (modificado) Le en silencio textos en galego adaptadas á súa idade en diferentes soportes.
LG-B5.2	4º-LGB5.2.2 – (modificado) Le en voz alta textos en galego adaptadas á súa idade.
LG-B5.3	4º-LGB5.3.1 - Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.
LG-B5.4	4º-LGB5.4.1 - (modificado) Compón relatos e poemas sinxelos para comunicar sentimentos e experiencias persoais, a partir de modelos.

Os estándares marcados en amarelo deberán ser obxecto de repaso e reforzo ao inicio do vindeiro curso.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Revisión dos datos existentes da 1ª e 2ª avaliación. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre (lembrando que nunca poderá supor un efecto negativo para o alumnado).</p>
	<p>Instrumentos: Controis escritos, diario de clase, listas de control, anotacións das revisións dos cadernos.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: valoración dos resultados das 2 primeiras avaliacións. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre, valorando os avances e aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: O equipo de avaliación teremos en conta os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles do curso, aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Valoraremos os datos obxectivos recabados durante o periodo de clases presenciais. Así como o esforzo neste periodo excepcional dende a declaración do Estado de Alarma. Quitámoslle peso ás consideracións sobre a participación e expresión oral, traballo en grupo e outros que non puidemos traballar e valorar neste terceiro trimestre.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: valoración dos avances naquelas aprendizaxes que non tiña adquiridas. Instrumentos: controis e anotacións previas e traballo realizado.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A través da Aula Virtual, e para as familias con problemas de conectividade a Internet por fotocopias dende o concello.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA CARGAMOS AS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES NA AULA VIRTUAL (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO CO ALUMNADO POLAS MENSAXES DAS AULA VIRTUAL E EÑO TITORÍAS SEMANAIS COAS FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO, ONDE ME CONSULTAN AS DÚBIDAS. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p> <p><u>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA ENVÍOLLE AO CONCELLO OS DOCUMENTOS COAS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO COA MAIORÍA DE FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO. Só unha familia de inmigrantes marroquís se comunica comigo a través de notas cando lle recollen os traballos ou do concello. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p>
Materiais e recursos	<p><u>LIBROS DE TEXTO.</u> O concello levou a cada familia a totalidade dos libros de texto.</p> <p><u>FICHAS.</u> Escaneadas ou baixadas de Internet.</p> <p><u>ENLACES A PÁXINAS OU VÍDEOS DA REDE.</u></p> <p><u>AULA VIRTUAL E CORREO ELECTRÓNICO.</u></p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A parte de atoparse na páxina web do centro, en cada bloque de actividades de recuperación, reforzo e ampliación, xa se lle vai indicando (ao alumnado e ás familias) os estándares e competencias prioritarios.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.